

REGULAMENTO DE FUNCIONAMENTO DA BIBLIOTECA PROVINCIAL DA CORUÑA

R/ Rego de Auga, 37. 15006 A Coruña
Teléfono: 981.18.33.42
Fax: 981.18.33.44
Correo electrónico: biblioteca.arquivo@dicoruna.es
www.dicoruna.es

REGULAMENTO DE FUNCIONAMENTO DA BIBLIOTECA DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA

Artigo 1.- A Biblioteca da Deputación da Coruña é un centro cultural que ten as seguintes funcións:

1. Ofrecer ó público un conxunto de fondos bibliográficos e audiovisuais que permitan a súa formación cultural.
2. Conservar e enriquecer o patrimonio bibliográfico.
3. Fomentar o uso e a cooperación mediante o intercambio de información, adquisicións e préstamos.
4. Fomentar o intercambio bibliotecario con outros centros.

Artigo 2.- A Biblioteca da Deputación da Coruña consta dos seguintes servizos:

1. Información bibliográfica
2. Consulta na sala
3. Sección local
4. Sección infantil e xuvenil
5. Hemeroteca
6. Fonoteca e outros materiais audiovisuais
7. Préstamo a domicilio
8. Sala de usos múltiples

Artigo 3.- Son responsables do seu funcionamento

- A Deputación da Coruña
- O director da Biblioteca

Artigo 4.- Todos os usuarios teñen acceso libre e gratuíto ás dependencias da Biblioteca, así como á información sobre os seus servizos e sobre a forma de empregarlos.

Artigo 5.- As salas de lectura son de acceso libre e gratuíto, e constan de dúas seccións, unha infantil e xuvenil, con límite de idade fixado nos 14 anos cumpridos, e outra de adultos, con ingreso establecido a partir dos 15 anos.

Artigo 6.- Os postos de lectura, como norma xeral, resérvanse para consulta exclusiva do fondo bibliográfico da Biblioteca.

Artigo 7.- O usuario que non manteña as condicións debidas de comportamento ou incumpra as normas contidas neste regulamento poderáselle expulsar da Biblioteca.

Artigo 8.- Poderanse prestar a domicilio todas as obras da Biblioteca, coas seguintes excepcións:

- As enciclopedias e dicionarios, e en xeral, as obras de consulta de uso frecuente.
- Os manuscritos, incunables, e aquelas obras de particular interese histórico, artístico ou bibliográfico.
- Os exemplares únicos e de difícil reposición.
- As obras que, polas súas características especiais, queden excluídas do préstamo por decisión da dirección da Biblioteca.

Artigo 9.- Para acceder ó servizo de préstamo individual, cada usuario debe proveerse da tarxeta de préstamo, que se obterá presentando o DNI e dúas fotos carné.

Os lectores infantís deben engadir os datos e a sinatura do seu pai, nai ou titor/a no impreso que quede en propiedade da Biblioteca, e renovar obrigatoriamente a súa solicitude cando pase ó servizo de préstamo de adultos.

A tarxeta de préstamo terá validez durante tres anos.

Todos os usuarios comprometeranse a comunicar calquera variación nos datos que consten na tarxeta de préstamo durante o seu período.

Artigo 10.- Cada lector pode manter en préstamo 3 libros durante un prazo máximo de 15 días, prorrogables outros 15 se as necesidades do servizo o permiten. Os CD terán un prazo de préstamo de 7 días.

Artigo 11.- Toda demora na devolución, e toda deterioración ou perda do libro poderá ser obxecto de sanción, e obrigaráselle o lector a que pague os gastos orixinados pola reparación ou reposición do libro prestado.

Poderase, ademais, retirar o dereito de préstamo por un tempo determinado ou definitivamente, segundo se estime a gravidade da infracción cometida para o que se seguirá a seguinte táboa.

ATRASOS	PENALIZACIÓNS
Igual ou superior a 15 días, ou por tres, de prazos inferiores a 15 días.	1 mes
Reincidencia no anterior.	3 meses
2ª reincidencia	6 meses
Superior a mes e medio	3 meses
Reincidencia no anterior	6 meses
Superior a 3 meses	6 meses ou cancelación definitiva do carné

Artigo 12.- O servizo de reprografía está ao dispor dos lectores para a reprodución exclusiva do fondo da Biblioteca. No relativo aos dereitos de autor e propiedade intelectual respectarase, en todo caso, a lexislación vixente.